



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/00011**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e cinco minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os/as seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste por causas xustificadas, don Alejandro Antonio García Sousa.

Abre a sesión o Presidente, estando asistidos pola secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

#### **1º. EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO-**

##### **Licenza de obra maior**

**- Expte. de obras 271/2021.- JOSE LUIS GARROTE RAMIL E SONIA CAMOIRA VILLAMOR (representados por Francisco Javier Cernadas Veiga).**- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar no Lugar de Montefaro nº 139-182, parroquia de Meirás, Valdoviño, ( referencia catastral nº 15088A502021530000GK e 15088A502021540000GR ), en solo clasificado como SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Alberto García Samaniego Rey.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 29 de marzo de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.- Conceder** licenza construción de vivenda unifamiliar a José Luis Cernadas Veiga e Sonia Camoira Villamor no Lugar de Montefaro, nº 139-182, parroquia de Meirás, Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Manuel Porto Vila e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 29 de marzo de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 891,12 €. ICIO.- 4.099,17€.

**Cuarto.- Aprobar** o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 30 de marzo de 2022.  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández.

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión, acordou a súa aprobación.**

**2º.-APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA O PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2022”.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA O PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2022”:

“ Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, con coñecemento da existencia do Convenio que se presenta e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA O PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2022”

Iria García Martínez, educadora social do Concello, en relación ao convenio de colaboración entre o Concello de Valdoviño e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o programa “Vacacións en paz 2022” ”, no marco do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios

**INFORMO**

1. que en data 15.03.2022 entrou por sede electrónica a proposta de Convenio para formalizar o acordo do Programa Vacacións en paz 2022.

2. que os obxectivos que se establecen no dito Convenio son: 1.Facilitar asistencia médica e de alimentación. 2.Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.

3. Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50° á sombra).
4. Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos seus programas escolares.
5. Respectalo marco legal dos dereitos dos menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver o remate das vacacións.
6. Garantilo regreso ó seu país coas súas familias.
7. Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.

3. que a colaboración consiste, tal e como consta no Convenio, nos seguintes puntos:

**PRIMEIRO:** Establecelo presente Convenio de colaboración entre o Concello de Valdoviño e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, en orde a unha mellor coordinación dos programas presentes e futuros a desenvolver.

**SEGUNDO:** Os presentes comprométense a manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que sexan relevantes.

**TERCEIRO:** O ámbito de colaboración estará orientado preferentemente ós seguintes campos de actuación:

A apoiar o proxecto “Programa de Vacacións en Paz 2022 no Concello de VALDOVIÑO” evitando con esta viaxe que as nenas e nenos permanezan os meses de calor de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas en ocasións de 50°, facilitar asistencia médica e de alimentación, colaborar con esta subvención a sufragar os pasaxes dos nenos e nenas acollidos no Concello.

Despois de dous anos de pandemia da COVID-19, é máis necesario que nunca que as nenas e nenos saharauís pasen 2 meses de verán con familias en Galicia.

**CUARTO:** O custe do pasaxe de cada menor saharauí Tindouf-Santiago / Santiago-Tindouf é como en anos anteriores de 890€.

**QUINTO:** A vixencia deste Convenio rematará o 30 de decembro, prorrogándose este para o ano seguinte de continuar co mesmo proxecto no Concello de Valdoviño” e sempre que ambas partes estean de acordo.

4. que desde o departamento non se coñece un interese previo de ningunha familia polo que habería que sacar publicidade para que as persoas interesadas poidan solicitar este Programa.

5. que considerando os prazos unha vez asinado o convenio (axúntase), habería que publicitar o Programa indicando a data marxe o 20 de abril.

6. que de haber algunha solicitude, procederíase á entrevista coa familia e á formalización dos documentos de ser o caso, e tamén ao correspondente ingreso económico por parte do Concello na conta da asociación.

En Valdoviño a 25 de marzo de 2022 Iria García Martínez Educadora Social (Col. 3545)

**PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Valdoviño e a asociación Solidariedade galega co pobo saharauí para o programa “Vacacións en paz 2022”, e iniciar a publicidade do mesmo para coñecer se hai interese entre a poboación para participar do dito programa, e sufragando o Concello, se é o caso, a cantidade económica correspondente.

Valdoviño, 25 de marzo de 2022  
Alberto González Fernández  
O alcalde. “

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión, acordou a súa aprobación.**

## **FÓRA DA ORDE DO DIA**

Pola Presidencia, en base á importancia de promover a igualdade e na prevención da violencia de xénero presenta ante a Xunta de Goberno Local o asunto que de seguido se sinala; ratificando a Xunta de Goberno Local a súa urxenza e incluíndo dito asunto Fóra da Orde do Día.

### **.-PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2022.-**

“ Visto o informe do persoal técnico de Servizos Socias, emitido pola educadora social Iria García Martínez, sobre a subvención para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais que se transcribe a continuación:

“*INFORME PROPOSTA “SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2022”.*

*Iria García Martínez, educadora social do Concello de Valdoviño, en relación coa convocatoria de subvencións a entidades locais para a promoción de igualdade no ano 2022 (DOG 16.03.22)*

#### **INFORMO**

- *Que nos últimos anos esta subvención foi solicitada polo Concello de Valdoviño para a realización das actividades de coeducación e igualdade baseadas nun obxectivo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*
- *Que a dita subvención foi solicitada e xustificada, recibindo as cantidades solicitadas coas minoracións correspondentes, ao ter finalmente unha participación maior da prevista na solicitude.*

- Que o ano pasado solicitáronse dúas liñas da subvención relativas ao Programa de Conciliación e ao Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, e que no segundo caso entramos nunha lista de agarda que non chegou a moverse, polo que non podemos optar a esa liña de axudas.

- Que a necesidade das actividades está suficientemente xustificada pola natureza dos seus obxectivos, pola responsabilidade municipal de cubrir a conciliación familiar e de incidir socioeducativamente na prevención da violencia de xénero coa comunidade en xeral e coas familias en particular. Debido a isto, valórase positivo solicitar novamente os dous Programas. - Que a liña técnica de ambos programas está prevista na liña da solicitude anterior, destinando a subvención para dar cobertura ao Programa Concilia Tempos e tamén á creación dun grupo psicossocioeducativo con mulleres que presentan indicadores de risco ou vulnerabilidade social, reducindo preventivamente os factores que inciden nas situacións de violencia na parella.

Que segundo o anteriormente exposto sería preciso aprobar:

**PRIMEIRO.-** Solicitar a axuda para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria.

**SEGUNDO.-** Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

**TERCEIRO.-** Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente ao alcalde, Alberto González Fernández.

**CUARTO.-** Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa.

En Valdoviño a 28 de marzo de 2022  
Iria García Martínez Educadora Social”

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local como alcalde,

**PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local aprobar a solicitude de axuda para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais para o ano 2022 e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria, con carácter previo e condicionado á posterior resolución.

Así o acordo, mando e asino na data que figura á marxe  
O Alcalde Asdo. Alberto González Fernández”

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión, acordou a súa aprobación.**

PARTE ACTIVIDADE

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo ás dez horas e vinte e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*